



***PLAN DE CONVIVENCIA
LES SAN ROSENDO
MONDOÑEDO***



INDICE

- XUSTIFICACIÓN
- ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL
- CONSTITUCIÓN DO OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA ESCOLAR
- PLAN DE ACTUACIÓN:
 - OBXECTIVOS
 - CRITERIOS DE ACTUACIÓN
 - EN RELACIÓN O CENTRO E ALUMNADO
 - EN RELACIÓN O PROFESORADO
 - EN RELACIÓN AS FAMILIAS
 - ESTRATEXIAS DE ACTUACIÓN
 - PREVENTIVAS
 - a nivel de centro
 - a nivel de familias
 - a nivel de alumnado
 - a nivel profesorado
 - a nivel concello, servicios sociais, servicios de saúde e corpos de seguridade
 - ANTE A APARICIÓN DE CONFLICTOS
 - INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
 - NECESIDADES DE FORMACIÓN
 - RECURSOS HUMANS E MATERIAIS.
- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN
- ANEXOS:
 - PLAN DE ACOLLIDA: alumnado, inmigrantes , pais e profesorado
 - REGLAMENTO DE RÉXIMEN INTERNO
 - PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS
 - PLAN DIRECTOR PARA A CONVIVENCIA E SEGURIDADE ESCOLAR.
 - PLAN DE MEDIACIÓN



XUSTIFICACIÓN

O Plan de Convivencia do noso Instituto ten como principio promover e desenrolar actuacións reativas ó fomento da convivencia, con el pretendemos desenrolar adecuadamente as relacións entre todods os compoñentes da nosa comunidade educativa.

Priozaremos naquelas actuacións preventivas destinadas ó coñecemento previo dos dereitos e deberes de todos os membros da comunidade educativa e das normas precisas para a convivencia pacífica e respetuosa.

Para iso utilizaremos o plan de acción tutorial. Observatorio de convivencia do centro, reunións periódicas cos titores, equipo directivo, departamento de orientación, familias, delegados etc. según proceda, entre outras accións para a súa divulgación e interiorización.

No noso plan de convivencia pretendemos implicar a todos os sectores da comunidade educativa (profesorado, familias, servicios sociaie ,alumnado etc) para a súa aplicación, difusión e seguimento de dito plan.

ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL DO CENTRO

No presente curso 2007 / 2008 o IES San Rosendo de Mondoñedo conta con 157 alumnos na ESO, 69 no Bacharelato, así como 30 alumnos cursando o Ciclo Superior de Xestión e Organización dos Recursos Naturais e Paisaxísticos (máis 4 que remataron en Decembro a FCT) e 12 alumnos matriculados na Oferta Modular para Adultos do Ciclo Medio de Traballos Forestais e de Conservación do Medio Natural.

No instituto impártese un Programa de Diversificación Curricular de 2 anos (con 10 alumnos en 3º da ESO e 8 en 4º), establécense reforzos educativos en 1º da ESO para os alumnos con dificultades de aprendizaxe e outras medidas de atención á diversidade, concretamente de adquisición de linguas xa que contamos con alumnado inmigrante de orixe marroquí e rumano.

No centro tamén se imparten ensinanzas de potenciación da aprendizaxe da lingua inglesa (modalidade 1.1 – B.1), vinculadas á Escola Oficial de Idiomas e ensinanzas de idiomas a distancia



a través do Programa That's English (3 grupos, 12 alumnos).

Débese destacar que o alumnado procede maioritariamente de zonas rurais dos concellos de Mondoñedo, Lourenzá e Abadín, polo que gran parte do alumnado fai uso do comedor e transporte escolar.

En liñas xerais, a situación da convivencia diaria no Instituto pode calificarse de aceptabel. O nivel de conflictividade é máis ben baixo, con puntuais alteracións da disciplina e limitadas conductas que perxudican á convivencia no centro.

Apreciase por parte do alumnado, principalmente da ESO, o desenvolvemento ocasional de comportamentos que alteran o normal mantemento das actividades nas clases e que son obxecto de expulsións temporais da aula poñendo ao infractor das normas a traballar individualmente baixo o control dos profesores de garda. Estes comportamentos consisten principalmente en falar nas clases, non traballar na aula, non prestar atención, non facer caso ás indicacións do profesor, non traer o material ou algunha disputa, principalmente verbal, entre compañeiros. Por agora non se teñen dado casos de recurrir á violencia física entre compañeiros, máis aló dos habituais empuxóns que supoñen o trato habitual de confianza entre os nosos adolescentes.

Tamén e importante destacar que durante o primeiro trimestre do curso 2007 – 2008 o comportamento no comedor foi un dos aspectos máis conflictivos vinculado a alborotos e disputas dos alumnos que alí asistían. Os cambios e novas formas de organizar este servizo e a adaptación do réxime disciplinario neste ámbito foron os factores que máis influiron para que se dera esta situación. Para corrixir estas disfuncións procedeuse a incrementar o control e a vixilancia no comedor, a insistir no escrupuloso cumprimento das normas e a aplicar inflexiblemente as medidas disciplinarias cos infractores, co que se espera ter encauzado o problema.

Algunha destas actitudes e comportamentos supera en ocasións os límites, sendo obxecto de amoestación por escrito e comparecencia ante a Xefatura de Estudos segundo se regula no RRI do centro. Durante o primeiro trimestre do presente curso 2006 / 2007 impuxéronse 16 destas amoestacións (dous alumnos acumularon dúas cada un). Estes malos comportamentos concéntranse nun grupo reducido de alumnos que arrastran un baixo ou nulo rendemento académico e unha actitude cando menos pasiva nas aulas, ante a que moitas veces os seus pais se confesan impotentes. As amoestacións acarreen variadas medidas correctoras reguladas segundo a gravidade da falta, podendo chegar á suspensión do dereito de asistencia ó centro de un a tres días. Estas medidas



excepcionais impuxéronse no primeiro trimestre en tres casos, motivadas por malos comportamentos no comedor e para correxir puntuais actitudes abusivas cara aos compañeiros.

A incoación de expedientes por actos graves de indisciplina e condutas gravemente perxudiciais para a convivencia é un feito raro, infrecuente e excepcional na vida desta comunidade educativa. Os motivos e os incidentes que os orixinan están máis vinculados a actuacións puntuais e á problemática individual e particular do alumno que os causa que ao ambiente de convivencia no centro (non se teñen incoados expedientes pola reiteración nos malos comportamentos). Así, aínda que durante o curso 2006/2007 só se solventou un expediente disciplinario, durante o primeiro trimestre do curso 2007/2008 xa se teñen aberto dous.

OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA DO CENTRO

Según o Decreto 85/2007 do 12 Abril, polo que se regula o observatorio galego da convivencia, é preciso levar a cabo durante o curso 2007-08 a composición de tal organo para facilitar a convivencia escolar.

A composición do observatorio da convivencia do centro formouse nun consello escolar celebrado en Novembro de 2007, os membros que compoñen dito observatorio son:

- Directora Maria José Cuesta
- Xefe de Estudos: Pedro Gasalla
- Orientadora: Isaura Piñeiro
- Alumnos/as: Marta Caselas Alonso
- Profesores: Diego Alvarez Carballeira

Marcos Alvarez Veloso

- Familias (non hai representación do Consello escolar, nin ANPA)
- Una persoa non docente: Jesús López Otero



Os membros que compoñen o observatorio de convivencia reuniranse trimestralmente (una vez ou cantas veces sexa preciso), a súa vez o nomeamento terá unha duración de 2 anos dende a data da súa publicación e será renovable por outros 2 anos.

FUNCIONS DO OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA

- Dinamizar o plan de convivencia do centro
- Elaborar un informe anual do análise de convivencia
- Informar trimestralmente o Consello Escolar
- Coordinar actividades relacionadas coa convivencia escolar
- Propoñer iniciativas para mellorar o clima escolar
- Propoñer liñas de actuación en materia de formación do profesorado no que respecta a convivencia escolar, promover a elaboración de materiais e recursos



PLAN DE ACTUACION

1. Obxectivos

2. Criterio de actuación

- En relación ó centro
- En relación ó profesorado
- En relación ás familias
- En relación ó alumnado

3. Estratexias de actuación

- Preventivas:
 - A nivel centro
 - A nivel familias
 - A nivel alumnado
 - A nivel profesorado
 - A nivel concello, servicios de saúde, servicios sociais e corpos de seguridade
- Ante a aparición do conflito
- Intervención Departamento de orientación

4. Necesidades de formación

5. Recursos: humans e materiais



1. OBXECTIVOS

- Desenrrolar unha intervención preventiva como medio para lograr un bon clima de convivencia
- Cimentar as relacións persoais no respeto mutuo, a comprensión, solidariedade e interiorización das normas de convivencia
- Reducir ó mínimo as conductas disruptiva, que perturben o clima da clase para evitar a conflictividade e disminuir as conductas máis graves
- Priorizar a resolución de conflitos de maneira formativa mediante a mediación conxunta entre profesores-alumnos, ou alumnos-alumnos
- Actuar ante conflitos actuais, sempre que sexa posible, como un medio positivo e constructivo para a prevención dun conflito futuro
- Proceder ante os problemas de conducta seguindo uns principios de actuación coherente que orienten ás intervencións de todos os profesores/as, evitando contradiccións que desorienten ós alumnos/as
- Analizar as causas das conductas disruptivas e procurar resolve-las como paso previo para solventar problemas de convivencia
- Utilizar as medidas negativas como último recurso para solucionar problemas de convivencia, e só cando as estratexias educativas non diran resultado ou a non intervención pode xerar males maiores
- Difundir as novas básicas RRI do centro, así como as razóns das mesmas e as sancións polo seu incumprimento tanto entre o alumnado como entre as familias
- Unificar criterio sobre as normas de convivencia entre todo o profesorado



- Diseñar un servicio de mediación
- Manter e cuidar as instalacións do centro
- Conseguir a integración de todo o alumnado sen discriminación por razóns de raza, sexo ou idade
- Facilitar a implicación das familias e a creación da ANPA.

2. CRITERIOS DE ACTUACIÓN

2.1. CON RELACIÓN Ó CENTRO E ALUMNADO

- Establecer normas claras, coñecidas de fácil aplicación, aceptadas e xustas, e atendendo o Real Decreto 732/1995 (BOE 2 Xunio 95), e reflexadas no Regulamento de Réxime interno do Centro (Anexo I)
- Clarificar os comportamentos ou conductas conflictivas máis habituais e as actuacións a levar a cabo
- Consensuar as normas que se van establecer a nivel claustro, grupo-aula e face-las chegar a toda a comunidade educativa
- Promover e constituir o observatorio de Convivencia (Anexo 2)
- Posibilitar a vivencia dun ambiente democrático na aula, lugares de lecer, pasillos etc.
- Xerar un contexto positivo de interacción social
- Actuar con rapidez no proceso e aplicación da sanción imposta nos casos de situacións que presenten conductas gravemente perxudiciais para a convivencia no centro



- Posta en marcha en vindeiros cursos dunha “comisión de mediación” composta por alumnos/as, titores e orientadora
- Facer uso de procesos de acordos, negociación, mediación social, con carácter complementario a calquera sanción, e medida disciplinaria
- Utilizar documentos oficiais para recoller as conductas contrarias as normas de convivencia
- Utilizar o modelo de actuación en caso de abuso entre iguais
- Potenciar a formación básica e permanente do profesorado para dar respostas a resolución de conflitos de convivencia que se presentan sobre todo na ESO, a través de cursos, grupos de traballo, ...
- Realizar revisións e análise das relacións de convivencia que observamos, a súa historia e evolución con carácter trimestral (observatorio de convivencia) e conclusións finais ó rematar cada curso escolar

2.2. CON RELACIÓN Ó PROFESORADO

- Educación para a paz debe estar presente en tódalas areas curriculares como base no desenrolo de valores e actitudes pacíficas.
- Proporcionar un contexto favorable para a aprendizaxe, dende a confianza, respecto, e valoración persoal, sin facer comparacións
- Concretar obxectivos nas programacións: breves, realistas e claros; graduados e con posibilidade de consecución. Presentar tarefas adecuadas ás súas posibilidades, e intereses.
- Cuidar a motivación a través de reforzos positivos, eloxiando determinadas accións
- Investigar o uso de estratexias de aprendizaxe idóneas para cada materia



- Adaptar as programacións de aula, as características persoais do alumno para desenrolar a afectividade, a confianza e a autoestima
- Favorecer a autoconfianza do alumno ante as tarefas escolares
- Incluir en toda programación didáctica actividades cooperativas e traballos en grupo para atender á diversidade
- Clasificar experiencias sobre o seu futuro académico e profesional orientandos cara o itinerario máis axustado ás capacidades e intereses do alumno/a
- O profesor/a titor/a seguirá as indicacións establecidas no PAT co asesoramento e coordinación do departamento de orientación
- O profesor/a titor/a como “mediador de conflitos”, debe interver na solución educativa dos problemas de convivencia mediante o análisis da situación entre as partes e aplicación do réximen disciplinario

2.3. CON RESPECTO AS FAMILIAS

- É preciso establecer unha rutina para o alumno, adquisición de hábitos (estudio, tempo de lecer,...)
- Coñecer o RRI do centro educativo, que recollen dereitos e deberes profesores/alumnos/pais, así como as normas de funcionamento do centro educativo coas sancións respectivas ante o seu incumplimento
- Realizar contactos periódicos cos titores do procesos de aprendizaxe dos seus fillos
- Colaborar e participar na resolución de conflitos que poidan mostrar os seus fillos/as
- Mostrar interés na formación como pais para solucionar dificultades, buscando asesoramento D. orientación,...
- Participar na ANPA, así como no consello escolar, para a resolución de conflitos



3. ESTRATEXIAS DE ACTUACIÓN

Dentro das posibles estratexias para intervir na mellora da convivencia escolar, o máis desexable de toda comunidade educativa, é a prevención, antes de que ocorra o conflito, o que asegura un bon clima de convivencia no centro.

3.2. ACTUACIÓN PREVENTIVA

- A NIVEL DE CENTRO:

- Plan de Acollida do centro: Recolle as actuacións e materiais que se van levar a cabo na acollida do alumnado, profesorado e familia (ver no Plan de acción tutorial do departamento de orientación e nos Anexos)
- Plan acollida alumnos inmigrantes: (ver Anexos)
- Plan de acción tutorial: Realizar actividades no grupo-aula, alumnos/as e titor/a de : resolución de conflitos, dilemas morais, lectura e consenso RRI, visualización de películas que traballen diferentes valores: saúde, respecto, tolerancia, inmigración, levar a cabo o programa de habilidades sociais
- Plan directa para a mellora da convivencia e seguridade escolar
- Plan de orientación Académica e Profesional: Recollese na programación xeral anual, unha vez elaborado polo D. orientación, recollendo propostas dirixidas a equipo directivo, titores, profesores, alumnado, familia, etc
- Actividades extraescolares
- Aproveitar celebracións do centro para incluír actividades que fomenten o coñecemento mutuo e creen un contexto intercultural
- O D. de Orientación realizará entrevistas individuais que considere necesarias, con profesores, pais, alumnos/as



- Torneos deportivos nos recreos, organizado D. educación física
- Desenrolo de campañas colectivas de limpeza para mellorar a imaxen do noso centro,
- Diseñar un servicio de Mediación en vindeiros cursos
- A NIVEL DE FAMILIAS:
 - No mes de outono tras a avaliación inicial, realizarase unha reunión colectiva de pais(plan acollida) por grupos, para presentación do titor, informar do funcionamento do centro, do grupo, orientación sobre hábitos de estudio, e pedirllas compromiso de colaboración e participación na vida do centro. Entrega dun tríptico informatico elaborado polo D. orientación
 - Durante o curso escolar, o titor citará ás familias a unha entrevista individual si é preciso, así como dispoñer os pais dunha hora semanal para vir a falar cos titores
 - Fomentar a creación e funcionamento ANPA, e Escola Pais

DENDE O INICIO DO CURSO: os titores reunense unha vez á semana coa orientadora mais o xefe de estudos para analizar as actuacións levadas a cabo co grupo de alumnos/as, adoptar as medidas que foran necesarias

DURANTE TODO O CURSO: o D. de orientación está en contacto con servicios sociais dos concellos de Mondoñedo e Lourenzá, para reunirse cando sexa preciso por algúns alumnos/as en situacións desfavorecidas, inmigrantes, absentismo escolar etc, e intentar conxuntamente dar orientacións ó alumnado/familias/profesores, etc

NO MES DE MAIO: a orientadora realizará charlas colectivas a pais de alumnos de cuarto da ESO sobre diferentes itinerarios ó rematar a etapa educativa. Así como os pais de alumnos/as que se encontran en sexto de Primaria e o vindeiro curso se integran o IES, informando do centro, normas, sistemas educativo, etc. Elaboranse trípticos para tal fin



- A NIVEL DE ALUMNADO

- Ó comenzo do curso e durante os primeiros días de titoría, o titor/a asesorado polo D. orientación, establece dinámicas de presentación e coñecemento do grupo
- Asesorar na elección adecuada do delegado para o cumprimento das súas funcións
- Informar das normas da aula e do centro
- Recollida de datos do alumno, individualmente, que sexan de interés
- Ó longo do curso, seguir as directrices propostas no PAT e no POAP, que contén actividades que favorecen a cohesión do grupo, solución de conflitos, desenvolver a autoestima, orientación profesional, etc
- Facilitar no alumnado a participación na estrutura do centro (participar no consello escolar, observatorio de convivencia, comisión de mediación, etc), asignar responsabilidades concretas no centro,...
- Plan de acollida alumno da ESO e o inmigrante (ver anexos)

- A NIVEL PROFESORADO

- O equipo directivo no claustro de inicio de curso, tratará temas que considera fundamentais para a prevención de conflitos. Entregan o RRI a cada profesor/a, dar un guión cos pasos a seguir ante unha conducta problemática, recordar aspectos a ter en conta para un bon funcionamento do centro (gardas, puntualidade, etc.)
- Plan de acollida do profesorado (ver anexo)
- Unificación de criterios para realizar as gardas correctamente
- O D. Orientación informará sobre o PAT e POAP ós titores/as
- Coñecer o plan valora, plan galego de convivencia escolar que se encontra na web



- Recordar que nas programacións deben recollerse contidos relacionados con actitude e valores, non só conceptuais e procedimentais
- Presentar ó departamento de orientación os titores o PAT así como as funcións dentro do grupo –aula.
- *A NIVEL CONCELLO, SERVICIOS DE SAÚDE E SERVICIOS SOCIAIS E CORPOS DE SEGURIDADE*
 - Unidade de prevención de drogodependencias de Burela-charlas informativas a pais así como alumnos/as na horas de tutoría
 - Concellería de servcicios sociais (educadora familiar, psicóloga, asistente social), tratar diferentes temas que poidan xurdir ó longo do curso relacionadas con familias, alumnos, ou realizar actividades conxuntas
 - Plan director para a convivencia e mellora da seguridade escolar

3.2 INTERVENCIÓN ANTE A APARICIÓN DE CONFLICTOS

Observatorio de convivencia escolar no centro realizará o seguimento do Plan de convivencia. Estará integrado por: Directora, Xefe estudos, profesores, alumno/a, pai/nai de alumnos, orientadora. Reunirase unha vez cada trimestre, e excepcionalmente tantas veces se considere preciso, para analizar incidencias producidas, actuacións realizadas, resultados do plan de convivencia, así como elevar propostas ó claustro e Consello escolar.

O proceso que se debe seguir na resolución de conflitos poderá seguir dous camiños:

1. **PROCEDIMENTO PRIMEIRO:** (recollido no RRI artigo 5.3.1. conductas contrarias ás normas de convivencia do centro).



O alumno/a ante unha "falta leve" enviarase ó profesor/a de garda con traballo da materia e o informe correspondente para tal fin. Unha vez pasada a hora o alumno volve a aula

Se a "falta é grave" comparecerá ante o xefe de estudos, ou cargo directivo de garda, o alumno/a baixará acompañado do delegado/a e o profesor cubrirá o parte de amoestación do sucedido e entregarse orixinal ó xefe de estudos e copia ó titor/a

PROCEDIMENTO SEGUNDO: fai referencia a conductas gravemente perxudiciais para a convivencia no centro (RRI artigo 5.3.3.)

A súa tipificación, e medidas correctora e órgano que aplica a sanción está recollido no RRI.

3.3. INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

De forma complementaria ós procesos a seguir 1 e 2, os alumnos/as que presenten conductas contrarias as normas de convivencia ou conductas gravemente perxudiciais para a convivencia no centro, poderán ser derivados por equipo directivo ou titores ó D. de Orientación, para estudo e valoración da proposta de intervención máis adecuada en cada caso.

O proceso a seguir será:

1. Derivación do alumnos ó D. Orientación
2. Inicio do proceso coa realización de entrevistas individuais a alumno/os , pais, profesorados, titores,etc
3. Valoración e análise da información



4. Proposta de intervención (según sexa o caso)

- Individual: seguimiento periódico do alumno/a, intervención externa da psicólogo do concello en colaboración co D. Orientación
- Grupal: abordar nas tutorías temas relacionados coa motivación, habilidades sociais, autoestima, responsabilidade, dinámicas de grupo, etc

4.NECESIDADES DE FORMACIÓN

Durante vindeiros cursos co fin de que toda a comunidade educativa do IES San Rosendo-Mondoñedo, poida dispoñer dunha formación específica sobre este tema, plantéanse unhas posibles actuacións formativas dirixidas ás seguintes vertientes.

- Programa de habilidades sociais para a mellora da convivencia nos centros-dirixida ó profesorado para levar a cabo nas aulas
- Programa de Mediación Escolar, dirixido a profesores, alumnos, pais

5. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

- **Recursos humanos:** todos os membros da comunidade educativa (pais/nais, profesorado , alumnado, persoal non docente, departamento de orientación), servicios sociais do concello ,forzas de seguridade, observatorio de convivencia, unidade de prevención de drogodependencias do concello Burela, Equipo específico Lugo, psicóloga do concello, etc
- **Recursos materiais:**
 - Materiais elaborados a partir dos planes que se encontran nos Anexos (Plans de acollida , Programa de habilidades sociais, etc)



- Materiais elaborados no D. de Orientación para as titorias (dinámicas de grupos, resolución de conflitos, dilemas morales, etc)
- Reglamento de Réximen interno
- Conflitos interpersoais. Edit. Eos
- Mediación de conflitos en institucións educativas. Edit. Narcea
- Como prevenir la indisciplina. Edit. Escuela Española
- Educación en valores: videos como “doce horas por la tierra”, “exclavos del S. XXI”, “Estranxeiras”, “A muller é da casa e o home da rúa”, “Coas mulleres avenza o Mundo”, ...
- Páxinas Web da consellería de Educación:
 - Plan valora: traballa educación para a paz, igualdade, o lecer, etc:
<http://www.edu.xunta.es/valora>
 - Plan de convivencia escolar: ofréceselle a comunidade educativa materiais e recursos que axuden no traballo escolar
<http://www.edu.xunta.es/convivencia>
 - Portal de convivencia (MEC):
<http://www.convivencia.mec.es/>
 - Seminario galego Educación para a paz:
<http://www.sgep.org/>
 - Educación en valores: convivencia:
<http://www.educacionenvalores.org/>



SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

O observatorio de convivencia realizará o seguimento e coordinación do Plan de Convivencia Escolar ó longo do curso, para elo, contará coa colaboración do D. de Orientación

Ó finalizar o curso, o consello escolar do Centro avaliará o Plan de Convivencia Escolar e elevará ó Equipo directivo as propostas de mellora, que xunto co claustro de profesores, serán tidas en conta para a actualización do mesmo. Para a realización de dita avaliación recollerase información sobre:

- Actividades realizadas
- Formación relacionada coa convivencia
- Recursos utilizados
- Apoios externos precisos
- Portentaxe de corrección imposto

Para a realización do informe, será moi importante a aportación trimestral que realice o observatorio de convivencia respecto ó seguimento do Plan. Este informe incluírase na memoria anual e inclúe:

- a) En relación á avaliación do Plan de Convivencia:
 - Nivel de consecución dos obxectivos propostos
 - Grao de participación dos diferentes compoñentes da comunidade educativa
 - Valoración dos resultados, propostas de continuidade e mellora
- b) En relación coa aplicación dos resultados das normas de convivencia:



-
- Análisis dos problemas detectados

 - Proposta de medidas que favorezan a mellora da convivencia